



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 27 DE XUÑO DE 2024

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL. 28 DE XUÑO DÍA INTERNACIONAL DA DIVERSIDADE SEXUAL.....	2
1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 30-05-2024.....	4
2.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP.....	5
3. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN F/2024/21.....	10
4. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: DÍA DO ORGULLO LGBTI.....	24
5.- MOCIÓN DO BNG: SOLICITAR O RESCATE DA AP-9 E A SÚA TRANSFERENCIA A GALICIA.....	24
6. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE REMSIÓN DE INFORMACIÓN DE ESFORZO FISCAL 2022.....	28
7.- ASUNTOS DE URXENCIA.....	29
8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	29
9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	34
9.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA.....	34
10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	37
10.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....	37
10.2.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....	40
10.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP.....	40
10.4.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP.....	42
REMATE DA SESIÓN.....	45
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	45





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 27 DE XUÑO DE 2024

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)
D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).
D. Isaac Alejandro García Otero (PSdeG-PSOE).
D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)
D. Luis Pena Mosquera (BNG)
D. M. Aaron Curbeira Martínez (BNG)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e catro minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións, don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria municipal e o Interventor accidental

A Secretaria municipal:

D^a Ana Ramos Ramos

O Interventor accidental

D. José Luis Sande Vázquez

NON ASISTEN:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)
D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

A Presidencia abre a sesión

Antes de proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día, o Presidente indica que se vai dar lectura á **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 28 DE XUÑO DÍA INTERNACIONAL DA DIVERSIDADE SEXUAL**, acordada polos Grupos Políticos Municipais.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL. 28 DE XUÑO DÍA INTERNACIONAL DA DIVERSIDADE SEXUAL





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O día 28 de xuño conmemórase o Día Internacional da Diversidade Sexual, data establecida para poñer en valor a diversidade sexual e de xénero dende o ano 1970. No ano 1969 empezaron a darse unha serie de manifestacións espontáneas nas que as persoas LGTBI+, en protesta contra as constantes redadas policiais ás que se vían sometidas, plantáronse ante a sociedade condenando a clandestinidade na que tiñan que vivir e a invisibilidade social. Na noite do 28 de xuño de 1969 no pub Stonewall, situado no barrio neiorquino de Greenwich Village, tivo lugar unha das redadas máis violentas. Todos estes feitos deron lugar ás primeiras organizacións activistas a prol dos dereitos e liberdades deste colectivo e foron a orixe do movemento internacional que xurdiu máis tarde

O Concello de Ponte deume súmase un ano máis neste día á reivindicación do dereito de todas as persoas a ter unha convivencia baseada no respecto á diversidade sexual con tolerancia e en igualdade, promovendo accións que favorezan a eliminación do odio e as discriminacións, así como o cumprimento dos dereitos vulnerados das persoas LGTBI+. En resumo, accións e campañas de sensibilización social que promovan unha sociedade diversa e respectuosa, como vén establecido no marco legal que ampara a nosa acción como administración local, a máis próxima á cidadanía.

Baixo o lema "Liberdade de Ser e Sentir" seguimos a traballar nunha campaña que xunto coa Excm. Deputación da Coruña e outros Concellos da nosa provincia responde ao obxectivo xeral de garantir por parte do Concello de Ponte deume unha acción local clara pola igualdade e a defensa da convivencia, con independencia da raza, sexo, relixión,... ou calquera outra circunstancia persoal ou social de cada veciña e veciño da nosa vila.

Por todo isto o Concello de Ponte deume manifesta o seu compromiso público para:

- Impulsar accións dende as diferentes áreas municipais para acadar que o colectivo LGTBI+ viva a súa plena identidade sexual nunha sociedade onde se respecten os seus dereitos básicos establecendo como punto de partida e principio fundamental a:

“ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS E ROLES DE XÉNERO, que son un dos principais obstáculos para o pleno desenvolvemento das propias aspiracións e capacidades das mulleres e mesmo dos homes. Defínense como o conxunto de ideas preconcebidas e aprendidas mediante a socialización de xénero que se utilizan para explicar o comportamento das mulleres e dos homes xeradas arredor da idea de como deben comportarse e os papeis que deben desempeñar no traballo, na familia, no espazo público, ademais de como deben relacionarse entre si”.

- Continuar a traballar na promoción de actitudes e políticas que favorezan a concienciación social para un efectivo cambio de mentalidade para erradicar as actitudes fóbicas e de rexeitamento cara ao colectivo LGTBI+ .
- Manter a conmemoración deste día na axenda e na política municipal como unha data de especial significación





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Mobilizar e facer un chamamento á cidadanía para a reflexión a través das redes sociais do Concello de Ponte deume facendo partícipes a todas as persoas de que un Ponte deume seguro e libre de calquera tipo de discriminación é posible
- Condenar calquera tipo de delito de odio que teña a súa orixe na diversidade sexual solidarizándonos con todas as persoas agredidas, menosprezadas ou discriminadas dunha ou doutra maneira pola súa condición sexual ou de identidade de xénero
- Impulsar programas de formación municipal no ámbito laboral, facendo especial fincapé no funcionariado, a policía municipal e o persoal do ámbito sanitario, a fin de reforzar as capacidades e ferramentas necesarias para saber identificar, abordar e asistir correctamente ás vítimas dos delitos de odio.
- Elaborar un plan de asesoramento a asociacións e clubs deportivos do tecido social do concello para ampliar coñecementos e previr violencias LGTBfóbicas dende a infancia.
- LIBERDADE DE SER E SENTIR PARA ACADAR UNHA SOCIEDADE, XUSTA, IGUALITARIA E INCLUSIVA

A continuación, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 30-05-2024

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Expediente TEdC: 2024/G006/0000152

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 30.05.2024

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

SESIÓN ORDINARIA DE 30.05.2024 *(borrador asinado o día 24.06.2024)*





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR (10)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSDG-PSOE (7), D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D^a Ángela Piñeiro Carrera e D^a. Manuela García Fachal; dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez; e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, por non estar presente na sesión que se somete a aprobación; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 30.05.2024 (borrador asinado o día 24.06.2024)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 24.06.2024, que se transcribe a continuación:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: Ordinaria de día 24 de xuño de 2024

EXPDTE: 2024/G012/000012

2.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ADHESIÓN CO CONCELLO DE PONTEDEUME Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP

Logo de ver a comunicación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), recibida por correo electrónico o 6 de xuño de 2024, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“A Federación Galega de Municipios e Provincias, por acordo da Comisión Executiva de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha **Central de Contratación** para a licitación dos servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público. A fin de darlle continuidade á prestación dos servizos postais e telegráficos conveniados desde o ano 2010, é necesaria a adhesión da entidade local que presides a esta Central de contratación.
...//...”

Publicado anuncio previo na plataforma de Contratación do Estado:
[Plataforma de Contratación del Sector Público \(contrataciondelestado.es\)](https://contrataciondelestado.es)

Logo de ver o documento de proposta de adhesión á Central de Contratación:

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO: A entidade ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.

Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, o segundo as normas de réxime local, **ACORDA:**

- 1º.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.
- 2º.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.
- 3º.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4º.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade obrígase a:

- Designar un órgano ou persona de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).
- Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.
- Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).
- Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

5º.- Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

En proba de conformidade, ASINAN electronicamente o presente Acordo de Adhesión

Fdo.: Alcaldía/Presidencia

Fdo.: Secretaría"

Tendo en conta o prazo para remisión do documento de adhesión, "antes do vindeiro 8 de xullo de 2024"

Esta alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Ponte deume á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

SEGUNDO.- A adhesión do Concello de Ponte deume ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

TERCEIRO.- A emisión do correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolla nos pregos de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

cláusulas administrativas. En todo caso, esta reserva de crédito será correlativa aos gastos nos que incorreu o Concello de Ponte deume no exercicio do ano 2023 para este servizo.

CUARTO.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade **CONCELLO DE PONTEDEUME** obrígase a:

- Designar un órgano ou persona de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).
- Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP toda a información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.
- Poner en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).
- Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

QUINTO.- Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.”

A presidencia abre a quenda para o debate

...//....

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 4 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPSOE(4): , D. José Simoes Couceiro, D^a Rosario Huertas Garabana, D. Joshua Dopico López, e D^a Ángela Piñeiro Carrera; e **2 ABSTENCIÓNS** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera e do concelleira do Grupo Municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro.”

A presidencia abre a quenda para o debate





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, para preguntar se estes servizos postais teñen un prezo anual, ou se simplemente se fan os envíos e logo ao final de ano se fixa o gasto en función dos prezos que se acaden pola central de contratación, e cal é o gasto anual do servizo de envíos postais no concello, así como cal será a duración deste contrato, ao que se contesta que hai un prezo definido cunha serie de vantaxes para as entidades locais que se adhiren ao sistema; que se factura mensualmente en relación aos envíos que se fan pero o prezo é reducido con respecto ao prezo que sería senón se estivese adherido a central de contratación: indica que o prezo mensual do servizo actualmente ronda os 1000 euros.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Ponte deume á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

SEGUNDO.- A adhesión do Concello de Ponte deume ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

TERCEIRO.- A emisión do correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolla nos pregos de cláusulas administrativas. En todo caso, esta reserva de crédito será correlativa aos gastos nos que incorreu o Concello de Ponte deume no exercicio do ano 2023 para este servizo.

CUARTO.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade **CONCELLO DE PONTEDEUME** obrígase a:

- Designar un órgano ou persona de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).
- Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.
- Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).
- Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

QUINTO.- Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

3. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN F/2024/21

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos económicos e Facenda, de día 24.06.2024, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DO PLENO"

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA 24 DE XUÑO DE 2024

EXPDTE: 2024/G012/000013

4.- ASUNTOS DE URXENCIA.

A secretaria indica que se presenta para a comisión a seguinte proposta fóra da orde do día, e indica que hai que proceder a votación da urxencia do mesmo para incluíla na orde do día.

Aprobación relación de facturas F/2024/21. Recoñecemento extraxudicial de créditos. Pleno.

*Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, POR MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(5), D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Joshua Dopico López, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera, e **2 ABSTENCIÓNS**; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera; e da concelleira do grupo municipal do PP (1), D^a. Montserrat Pico Rodeiro.*

4.1. APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/21. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. PLENO.-

A Secretaría da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

Expediente TEdEC 2024/G006/000140





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 06/06/2024 respecto das facturas incluídas na **relación F/2024/21 Recoñecemento Extraxudicial de Créditos-Pleno, por importe de 30.693,72 euros**, incoando expediente para a súa aprobación, e visto o informe emitido pola Secretaria xeral o 18/06/2024, no que se conclúe desfavorablemente

Logo de ver o informe de reparo suspensivo de Ref.: 208/2024, asinado dixitalmente pola interventora o 19/06/2024, que se xunta ao expediente,

Vista a orde de Servizo que consta no expediente para continuar a tramitación en tanto se levan a cabo as necesarias modificacións para unha mellor e máis áxil xestión dos expedientes,

Tendo en conta a imposibilidade de emendar o procedemento toda vez que as prestacións foron realizadas e, de ser o caso, as subministracións realizadas, e así se fai constar no momento de sinatura da conformidade das facturas; e tendo en conta o organigrama das distintas dependencias municipais ás que correspondería a tramitación das facturas incluídas nas ditas relacións, moitas delas de departamentos carentes de persoal administrativo, se ben as facturas están debidamente conformadas.

E isto en relación coa imposibilidade en moitos casos de incorporar o sinalado no 172 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, a que se fai referencia no informe da secretaria, e isto porque o dito artigo indica: "1. En los expedientes informará el Jefe de la Dependencia a la que corresponda tramitarlos, exponiendo los antecedentes y disposiciones legales o reglamentarias en que funde su criterio. 2. Los informes administrativos, jurídicos o técnicos y los dictámenes de las Juntas y Comisiones se redactarán con sujeción a las disposiciones especiales que les sean aplicables y se ceñirán a las cuestiones señaladas en el decreto o acuerdo que los haya motivado".

Sobre as cuestións relacionadas coa tramitación deste expediente, esta Alcaldía non ten coñecementos técnicos nen xurídicos a ese respecto para poder manifestarse sobre a súa idoneidade ou non, tendo en conta as diferencias de criterio postas de manifesto cos responsables dos distintos departamentos que interveñen na súa tramitación; polo que deberán ser os departamentos que interveñen na súa tramitación os que aclaren entre si o sistema ou forma de proceder a este respecto,

Tendo en conta a capacidade deste concello e do seu persoal, coas carencias advertidas reiteradamente tanto por esta Alcaldía, coma polas distintas xefaturas de departamento para poder desenvolver todo o traballo encomendado; a actual lexislación que impide a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición e a recente Lei de estabilización, a dificultade para a organización de determinados departamentos como consecuencia desta situación, a obsoleta configuración das tarefas asignadas aos distintos postos na Relación de postos de traballo vixente (que data do 2007), así como a necesidade de continuar co desenvolvemento das políticas de persoal e organización interna, todas as novas normas de aplicación ditadas durante o estado de alarma e a cantidade de traballo ordinario que ten colapsados moitos servizos, ao que hai que sumar as limitacións para a contratación de novo persoal descritas anteriormente, procede neste momento adicar tempo e esforzo a realizar un organigrama de organización interna máis eficaz e desenvolver un cronograma de actuacións para poder levar





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

a cabo moitas contratacións pendentes, que a día de hoxe seguen sen licitar por carencia de persoal para poder realizalas, sendo una prioridade na que se leva tempo traballando dende o equipo de goberno municipal de cara a acometer estas funcións e dar así cumprimento a todas as advertencias realizadas pola secretaria e interventora municipais, estando nestes momentos a traballar para o cumprimento de varios obxectivos que pasan necesariamente por:

Desenvolver a convocatoria dos procesos de estabilización (oferta de emprego extraordinaria 2021), xa en proceso de valoración os méritos da fase de concurso.

Logo dos procesos selectivos de dúas prazas de técnico, unha de xestión e outra de contratación, xa teñen tomado posesión dúas funcionarias, se ben unha delas cesou recentemente; grazas a isto comezaron a tramitarse varios expedientes de contratación, e espérase que co reforzo da técnico que continúa sexa posible seguir cos procedementos de contratación iniciados, algún dos que xa teñen dende hai anos pregos contratados de forma externa e sobre os que xa se solicitou actualización de prezos por non ser posible a súa tramitación durante este tempo, para comezar coa mesma canto antes, priorizando estas tarefas sobre outras que se veñen realizando de cara a ir regularizando as incidencias manifestadas nos informes de Secretaría e de Intervención, tendo rematado tamén os procesos selectivos de dúas prazas de administrativo (OEP2019) e xa tomada posesión;

- *Con data do 21/4/2023 saíron publicadas no DOG as bases para os procesos de estabilización e con data de 19/12/2023, unha corrección de erros para comezar os procesos, estando xa rematado o prazo de presentación de solicitudes.*
- *A día de hoxe xa foron publicadas casi a totalidade das listaxes definitivas de admitidos/as e excluídos/as deste proceso de estabilización, quedando pendente un pequeno número que previsiblemente publicaranse na vindeira semana.*
- *Así mesmo, xa foi convocado con data 26 e 27 de xuño o tribunal para o concurso de méritos.*

Igualmente están xa rematados os procesos das bolsas de administrativos e auxiliares para substitucións, acumulacións de tarefas, etc; estando xa reforzado o Rexistro Municipal cunha auxiliar administrativa.

- *Reorganización novamente do persoal, xa que ao longo deste tempo fóronse implementando algúns cambios coa intención de mellorar o funcionamento dalgúns departamentos, o que requirirá no futuro da acomodación das funcións recollidas na RPT ás necesidades actuais, coa conseguinte valoración de postos, etc. Así como desenvolver un concurso para proceder á adscrición definitiva de varios administrativos do Concello.*
- *Tamén a día de hoxe xa foron aprobadas e publicadas as bases para a convocatoria de praza de técnico de contratación, tras a marcha da persoa que ocupaba ese posto, así coma a ausencia doutras persoas que participaron no seu día nese proceso selectivo, por non estar interesadas en ocupar ese posto; así coma unha praza de administrativo de tesourería.*

Faise constar que dende o Goberno Local, conscientes desta situación e coa vontade férrea de regularizar a situación posta de manifesto, encargouse hai xa tempo, tal e como se indicou con





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

anterioridade, a elaboración de forma externa dos pregos de contratación da maioría dos servizos, xa que a falta de persoal e a sobrecarga de traballo dos distintos departamentos impedía e impide a súa elaboración con persoal propio desta administración; téndose entregado algúns deles no concello hai xa anos. Concretamente foron remitidos os pregos para a contratación do subministración eléctrica, mantemento eléctrico, limpeza e mantemento de colexios, conserxerías de edificios municipais, limpeza viaria, recollida de lixo, xestión da escola infantil e mantemento de parques e zonas verdes.

Así mesmo, compre citar que a día de hoxe están iniciados os expedientes de contratación dos seguintes servizos:

- Conserxerías de edificios municipais.
- Subministro de enerxía eléctrica.
- Asesoría Xurídica á Muller.
- SAF
- Rueiros
- Programa de Madrugadores
- Realización de Festas Infantís.

Tendo ademais redactados pregos para outros servizos, dos que a día de hoxe esta Alcaldía está á espera de que se lle indique cales necesitan correccións para darlle traslado das mesmas aos técnicos que os elaboraron.

Dito o cal, a pesares de ter dado instrucións verbais para a súa tramitación en varias ocasións, esta non foi posible pola mencionada carencia de persoal e sobrecarga de traballo, tal e como se lle ten trasladado a esta Alcaldía en varias ocasións por parte dos distintos departamentos que interveñen na súa xestión, e como consecuencia de non poder deixar de prestar os servizos á veciñanza, posto que isto suporía a paralización total do Concello; e se ben como se indica nos informes a situación da contratación é irregular, para encargar os servizos se solicitan varios orzamentos, ao non ser posible cos efectivos do concello ter todas as contratacións licitadas. Polo tanto estanse a adoptar medidas que permitan ir realizando as ditas contratacións con todos os requisitos previstos na Lei de contratos, así coma a emisión das correspondentes providencias.

Nese senso, está tamén xa avanzada a adhesión á Central de Contratación da FEMP, en relación co Acordo Marco de Subministro de Enerxía Eléctrica.

A maior abundamento, faise constar que a situación derivada da falta de persoal e deficiencias na organización e protocolización, fai que moitas das ditas tarefas administrativas sexan realizadas polos propios concelleiros e o alcalde directamente, tanto solicitudes de subvencións, xustificacións das mesmas ou informes, coma escritos de contestación a requirimentos doutras administracións, chegando nalgunha ocasión a ter que ser os propios membros do goberno os que se adicaran a recoller o lixo, limpar o cemiterio municipal, pechar o mercado municipal, etc; o que denota claramente a imposibilidade que existe na actualidade de realizar con persoal desta administración gran parte do traballo diario, sendo máis que urxente unha modificación legal que permita a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de reposición, sendo esta case a única opción contemplada a día de hoxe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Sen lugar a dúbidas, esta modificación legal permitiría acometer os cambios na xestión e organización administrativa de cara a ir adecuando os procedementos ao cumprimento de todos os requisitos esixidos pola normativa.

Logo de ver que no informe de Intervención se sinala o incumprimento da normativa de contratación, sendo que se están dando os pasos necesarios para a súa posta en marcha e se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación; e isto tendo en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios legislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requirimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas, situación posta de manifesto de forma reiterada nos sucesivos informes emitidos polos xefes de departamento.

Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos cara ao cumprimento de todas as carencias sinaladas, tal e como leva facendo dende a pasada lexislatura, intentando dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos, e regularizar a situación do persoal e a súa reorganización, así como desenvolver as contratacións de servizos, téndose delegado incluso algún expediente de contratación na Deputación da Coruña para a súa licitación, como por exemplo o de dependencia.

Tendo en conta ademais que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, xa que por parte dos membros do Goberno "esprémense ao máximo" os fondos cos que contan en cada unha das áreas, tentando así optimizar ao máximo os recursos económicos cos que conta esta administración, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, e continuar dando cumprimento aos prazos legais para realizar o pagamento das facturas a provedores,

Ademais, cómpre deixar claro que aplicar a nulidade deste procedemento coas consecuencias derivadas da mesma, suporía de facto a partir dese momento, a paralización total da prestación de servizos por parte desta administración, e polo tanto o "peche deste Concello", por non poder prestar practicamente ningún tipo de servizo á veciñanza,

Polo tanto, procede solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos, sen prexuízo de continuar mellorando a tramitación administrativa dos expedientes e dar cumprimento a toda a normativa de aplicación

Tendo en conta o informe desfavorable coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir emitido pola secretaria xeral en data 18/06/2024

Resta dicir sobre o recoñecemento extraxudicial ou revisión de oficio, que hai xurisprudencia e case a totalidade dos órganos consultivos pronunciáronse sobre si aboar unha prestación ou





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

factura que se corresponde con contrato inexistente ou nulo de pleno Dereito e imprescindible, preceptivo ou necesario proceder á previa declaración de nulidade. Aínda cando hai pronunciamentos xurisdicionais que consideran necesario proceder previamente á revisión de oficio, hai tribunais superiores que se pronuncian doutro xeito distinto : TSXCatalunya sentenza 26-6-2020 (recurso 75/2018) na que se di : "resulta evidente la sinrazón y la desproporción que supone, remitir el pago a los proveedores al previo procedimiento de revisión de oficio" A Sentenza do TS de 13-6-2022 (recurso 5437/2020) no que se analiza un suposto na que a Administración siguiu un procedemento de revisión de oficio coa declaración de nulidade das actuacións manifesta literalmente "ante la realización de unas obras....., el ordenamiento admite diversas alternativas legales," Destes pronunciamentos extraese a conclusión de que revisión de oficio e recoñecemento extraxudicial son vías alternativas. O Decreto 424/2017 (art. 28.2 (deixa a xuízo do interventor a valoración da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se houberan producido". Na súa virtude considerase que o recoñecemento extraxudicial de créditos supón un recoñecemento de que se comprometeu un gasto sen crédito e polo tanto cometeuse unha irregularidade constitutiva dunha nulidade de pleno Dereito e así desde esta perspectiva a revisión de oficio è redundante xa que o recoñecemento extraxudicial supón un recoñecemento expreso do que se fixo mal en términos xurídicos.

Tendo en conta que se están a dar os pasos oportunos para regularizar a situación, con máis persoal nos departamentos de intervención e secretaría (dentro da lexislación vixente), cubrindo a praza nesta última de Técnico de Xestión, una vez que quedou vacante, e incluso facendo convenios con outras administracións para poder sacar adiante pregos e contratos. Pola falta de tempo no se pode dar resposta a todo o contido do decreto.

PROPOÑO que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado e recoñecer os seguintes gastos a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos, das facturas achegadas neste ano 2024, pero referidas a prestacións realizadas no exercicio 2023, por importe total de **30.693,72 euros**, incluídas na relación F/2024/21 seguintes:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Dto	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ
F/2024/199	09/01/2024	Emit- 236	03/01/2024	55,60	32647528V	MEIZOSO COUTO JESUS	COPIA DE CHAVES OFICINA TURISMO E ALBERGUE, DECEMBRO 2023. D. ADX.		
F/2024/246	17/01/2024	02/24	17/01/2024	1.403,60	G15512502	ASOCIACION DE VOLUNTARIOS AVAN	2 AMBULANCIAS, 4 TES + ENFERMEIRA, BAIXADA DO RÍO EUME 15/08/23	341	22701
F/2024/568	19/02/2024	F23 5075	22/12/2023	474,32	B15673270	INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL SL.	DESINFECCIÓN E LIMPEZA LEXIONELA 2º SEMESTRE 2023	342	22799
F/2024/584	23/01/2024	2892	30/06/2023	49,45	32663835V	JOSE MANUEL TENREIRO COUCE	FROITAS VIII TORNEO FÚTBOL SALA NOGUEIROSA 23,24 E 25 XUÑO 2023. D. ADX	341	22601
F/2024/858	12/03/2024	9 252	21/09/2023	15,16	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	08/08/2023 SUMINISTRO PRODUTO LIMPEZA ALBERGUE PEREGRINOS D.ADX.	4322	22110
F/2024/859	12/03/2024	9 263	03/10/2023	240,97	32684164Z	ATILANO DOCE	28/09/2023 SUMINISTRO	4322	22110





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

						FEAL	MATERIAL LIMPEZA ALBERGUE D.ADX.		
F/2024/864	12/03/2024	9 284	20/10/2023	30,75	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	16/10/2023 SUMINISTRO PRODUTOS LIMPEZA TORREÓN D.ADX.	4321	22110
F/2024/1018	01/04/2024	Rect-Emit - 162	20/02/2024	62,92	B15643901	VICENTE RODRIGUEZ CALVO,SL	11/12/2023 REPARACIÓN BAÑO ALBERGUE PEREGRINOS (1H MAN DE OBRA + MATERIAIS)	4322	21300
F/2024/1280	30/04/2024	2024 27	11/04/2024	14.144,90	32676569D	MANUEL DOMINGUEZ DOMINGUEZ	REPARACIÓNS VARIAS GARDERÍA, REPARACIÓN PORTA CRISTAL, PICADO TEITO... ANO 2023, D. ADX	3232	21200
F/2024/1430	07/05/2024	9 20	17/01/2023	46,51	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	(ANO 2022) MATERIAL LIMPEZA CASA DA CULTURA	334	22110
F/2024/1452	07/05/2024	FE24AG 69	23/04/2024	1.877,92	B70384607	AGADA OCCIDENTE, S.L.	25/29 SETEMBRO 2023.CORTE E DEMOLICIÓ PAVIMENTO R/ SAN MIGUEL	1532	21000
F/2024/1475	08/05/2024	C00 1242	08/05/2024	5.839,52	G15597669	FUNDACION ESTUDIOS ANALISIS(FESAN)	NOVEMBRO 2023, AMPLIACIÓN PERSOAL EIM CHALÉ ROSA 5º AULA E REGULARIZADIÓN DÍA HUELGA 8/11/23, D. ADX	3232	47200
F/2024/1476	08/05/2024	C00 1241	08/05/2024	6.452,10	G15597669	FUNDACION ESTUDIOS ANALISIS(FESAN)	NOVEMBRO 2023, AMPLIACIÓN PERSOAL EIM CHALÉ ROSA 4º AULA E REGULARIZADIÓN DÍA HUELGA 8/11/23 E BAIXAS, D. ADX	3232	47200

Das anteriores facturas, están incluídas en proxectos de gasto as seguintes:
- Proxecto de gasto 2023/3/JY/3/3 "Escola infantil": F/2024/1475 e 1476

SEGUNDO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno".

A presidencia abre a quenda para o debate

...//....

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPOE(5): , D. José Simoes Couceiro, Dª Rosario Huertas Garabana, D. Joshua Dopico López, Dª Ángela Piñeiro Carrera e Don Isaac Alejandro García Otero; e **2 ABSTENCIÓNS** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera e da concelleira do Grupo Municipal do PP (1), Dª Montserrat Pico Rodeiro"

A Presidencia abre a quenda para o debate.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, para dicir que este recoñecemento extraxudicial de crédito de 30.000 se suma a outros recoñecementos aprobados de 129.000 euros máis outros 59.000, que fan un total aproximado de 220.000 euros dende o mes de marzo. Indica que a proposta de alcaldía recoñece e cita textualmente *“unha carencia para o desenvolvementos dos traballos”, “unha mala organización dos departamentos do concello”, “unha obsoleta asignación de funcións cunha RPT do 2007”, “un organigrama ineficaz”* e tamén recoñecen que non teñen ningún prego de contratación e que están intentando facelos externamente, tamén recoñecen que a contratación é irregular e que non teñen protocolos á hora de traballar e que son conscientes de que todos os contratos son nulos e que imos aboar con este novo recoñecemento contratos inexistentes ou nulos.

Continúa dicindo o **Sr. Pena** que tanto os informes de secretaria e intervención din que se comprometeron gastos sen contrato e que hai unha irregularidade constitutiva de nulidade, que se fixo mal a xestión e a fase xurídica. Indica que o informe da intervención di: que todo se fixo mal, e que non se recepcionaron os obxectos das *“contratacións”*, *“que non se puido comprobar se todo o que se pagou foi comprado, que só lle constan os gastos cando lle chegan as facturas e que hai gastos estruturais sen contratos; que son gastos reiterados no tempo e que se están a facer sempre cas mesmas empresas; di o informe da intervención que non hai ningunha tramitación nos expedientes e que hai unha falta de memoria de programación conxunta de actividades para subvencionar.*

Indica o **Sr. Pena**, que é a obriga do equipo do goberno de facer un informe motivado de interese público cando hai un gasto, que é obrigatoria a verificación de existencia de crédito e orzamento suficiente así como a existencia de non débedas, e que isto non se fai.

Continúa **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG**, para falar do que indica o informe da secretaria municipal que di textualmente *“con una absoluta falta de tramitación administrativa cuando el mismo se delega al departamento de secretaria general, sin los mínimos trámites en el procedimiento administrativo general y en especial en materia de contratación”* e recorda no seu informe a secretaria municipal que non se pode contratar de xeito verbal, que implica nulidade de pleno dereito, nos se respecta os principios de igualdade, publicidade e libre concorrência. Indica que está e a forma de traballar deste concello na ámbito da xestión económica do Concello, e puntualiza que no o di el, senón que é o que din os informes da secretaria e intervención municipais. Continúa dicindo que a relación que se achega para aprobar no Pleno, non concreta que gastos que se axustan ao procedemento, nin cales non, e concrétese que todos estes expedientes están viciados de nulidade e cita textualmente o indicado na pax. 13 do informe da secretaria *“(…)Lo que está fuera de toda duda es la ausencia total del procedimiento legalmente establecido que vicia de nulidad el procedimiento (...)”*

Para rematar, o **Sr. Pena** indica que para él a parte máis dura do informe da secretaria municipal e onde se di que a Secretaría esta recibindo presións e sobrecarga de traballo que afecta á saúde persoal dos traballadores, di tamén que está sufrindo desacreditacións, recriminación e críticas públicas. Continúa dicindo que os informes de secretaria e a intervención son moi duros, tanto no aspecto da xestión económica do Concello como na parte de ambiente de traballo dalgún dos departamentos afectados. Finaliza que se leva a Pleno un





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

recoñecemento extraxudicial de créditos onde se fixeron mal as cousas e que sumado aos anteriores supón 220.000 euros que considera non é unha pequena cifra.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do grupo municipal do PP**, para indicar que él se remite aos informes da secretaría e da intervención, e adianta que o seu voto vai ser en contra.

Toma a palabra o **Sr. Presidente**, para dicirlle ao Sr. Pena que a pesar de levar 5 anos como concelleiro non sabe aínda o que significa o recoñecemento extraxudicial, xa que é o único mecanismo contemplado na Lei para poder pagar facturas dun exercicio anterior que entran por rexistro no exercicio posterior. Pregúntalle ao Sr. Pena, se leu a proposta da alcaldía enteira, porque di que sabe que é moi dado a manipulación dos escritos, e por iso polo que as preguntas do Pleno se contestan por escrito; e en relación ao recoñecemento de que non hai pregos cita textualmente o indicado na proposta "(...)Faise constar que dende o Goberno Local, conscientes desta situación e coa vontade férrea de regularizar a situación posta de manifesto, encargouse hai xa tempo, tal e como se indicou con anterioridade, a elaboración de forma externa dos pregos de contratación da maioría dos servizos, xa que a falta de persoal e a sobrecarga de traballo dos distintos departamentos impedía e impide a súa elaboración con persoal propio desta administración; téndose entregado algúns deles no concello hai xa anos. Concretamente foron remitidos os pregos para a contratación do subministración eléctrica, mantemento eléctrico, limpeza e mantemento de colexios, conserxerías de edificios municipais, limpeza viaria, recollida de lixo, xestión da escola infantil e mantemento de parques e zonas verdes(...); polo que lle di a Sr. Pena que está manipulando o que o di o equipo de goberno, xa que se está recoñecendo que pregos se presentaron por rexistro, que o goberno local cumpriu coa súa obriga, que é dotar de pregos públicos e a partir de ahí se inician os expedientes.

Continúa o **Sr. Presidente** lendo textualmente parte da propostas "(...)Así mesmo, compre citar que a día de hoxe están iniciados os expedientes de contratación dos seguintes servizos: Conserxerías de edificios municipais, Subministro de enerxía eléctrica, Asesoría Xurídica á Muller, SAF, Rueiros, Programa de Madrugadores, Realización de Festas Infantís(...)" e engade que nos informes da intervención e da secretaría municipal se di que hai unha sobrecarga de traballo derivada da falla de persoal,e aclara que a lexislación estatal so permite realizar ofertas de emprego público de prazas derivadas da taxa de reposición de efectivos, que quere dicir que só se poden cubrir as prazas de xente que se xubila; e este goberno durante un tempo non houbo taxa de reposición pero en canto houbo esa posibilidade se sacaron dúas prazas importantes para poñer ao día a situación, a praza de técnico de contratación e a de técnico de administración xeral; e que unha destas prazas dotouse ca xubilación dunha limpadora, polo que o concello tivo que quedar sen poder cubrir esa praza de limpadora; a lei non permite outra cousa. Continúa dicindo que se incorporaron finalmente, logo do desenvolvemento dun proceso selectivo, que levou o seu tempo; dúas traballadoras pero unha delas, a técnica de contratación pediu unha excedencia porque sacou praza noutro concello, e ela era a que tiña iniciados os expedientes que se indican na proposta de alcaldía.

Continúa o **Sr. Presidente** dicindo que a proposta que se presenta é un relatorio da situación na que estamos, e dille ao Sr. Pena que se compara todos os decretos de facturas non só os de recoñecemento extraxudicial verá que se foron dando pasos, e que nesta proposta se indica





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

tamén que están en marcha os procesos de estabilización de persoal, que se remataron os procedementos de creación de bolsas de substitución para auxiliares e administrativos, que se reforzou o rexistro municipal cunha auxiliar administrativo, que xa se aprobaron e publicaron as bases para a contratación da praza de técnico de contratación e que se esta a reorganizar ao persoal coa intención de mellorar o funcionamento dalgún departamento. Dille a Sr. Pena que si están a traballar.

Indica o **Sr. Presidente**, que hai contratos que son sempre ca mesma empresa, como os da luz, ou o de limpeza de colexios e conserxerías; xa que considera que é moito máis grave ir cambiando mes a mes de empresa; e di que moitos deste contratos veñen prorrogados de gobernos anteriores; e en concreto do subministro de enerxía eléctrica nunca houbo contrato e que na actualidade xa se deron as instrucións necesarias para acollerse ao acordo marco da FEMP para poder contratar o servizo de enerxía eléctrica.

Continúa o **Sr. Presidente** que si hai unha RPT do ano 2007 pero foi modificada no seu día, co voto a favor do grupo municipal do BNG e que foi nesa modificación onde se incluíu a praza de técnico de contratación, e que se fixo con motivo da entrada en vigor dunha Lei de contratos da época "Montoro" que acumulaba todo o sistema de contratación pública do país, establecendo contratos menores, negociado sen publicidade e obras maiores que ían a concurso. Continúa dicindo que os contratos sen publicidade eran para importe de ata 200.000 euros e bastaba con pedir 3 orzamentos para elixir a quen darlle a obra cunha tramitación moito máis áxil sobre todo en concellos coma o de Ponte deume; pero que se entendeu entón que era un foco de corrupción xeneralizada e procedeuse á modificación da lei de contratos eliminando o procedemento de negociado sen publicidade, os contratos menores pasan a ter un límite de 40.000 euros para obras e 15000 euros para servizos e subministro; e todo o demais ten que ir a concurso público; o que supuxo para o Concello de Ponte deume ter que sacar a licitación ao redor do 90% das obras, polo que había que crear un departamento de contratación, que se intentou, pero se atoparon coa taxa de reposición e quere recordar que na actualidade é do 100% pero que nun principio era do 50% o que significaba que se necesitaban 2 xubilacións para para ter unha praza nova. Indica que entón a pesar de modificar a RPT para crear a praza de técnico de contratación e técnico administración xeral estas non se podían sacar por non permitilo a taxa de reposición.

Continúa dicindo que o levantamento dos reparos implica unha responsabilidade de quen o levanta, respondendo co seu patrimonio persoal.

En relación aos contratos verbais indica o **Sr. Presidente** e que a interventora os clasifica así porque non están feitos como ela considera, e pon o exemplo de comprar puntas e segundo criterio da interventora hai que sacar un concurso público para que calquera ferraxería, en base a uns pregos, oferte ao Concello de Ponte deume todo o material de ferraxería que necesita; polo que pode gañar calquera e logo o Concello deixa de comprar no comercio local pero fai campañas para que os veciños si compren no comercio local; pero o que se está a facer dende o goberno local nestes casos e que o responsable de cada área fai un informe de necesidade, pide orzamento e cando chega a factura se adxunta esa documentación con data e sinatura electrónica anteriores e indícalle ao Sr. Pena que poden quedar calquera día para ver esa documentación; e continúa dicindo que como non houbo unha licitación a interventora xa di que





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

é contratación verbal, pero insiste en que non é tal contratación, xa que en moitas das facturas si hai un informe de necesidade do Concelleiro e en algúns caso incluso con tres orzamentos.

Sendo as 13:36 horas don José Simoes Couceiro, concelleiro do PSdeG-PSOE, abandona a sesión

Continua o **Sr. Presidente** dicindo que en relación as reservas de crédito hai un correo da interventora municipal, trasladado ao alcalde e aos concelleiros, para que non se solicitasen xa que o departamento non ten capacidade de facelas pola sobrecarga de traballo de persoal e a baixa dunha traballadora, e é por iso polo que non se están solicitando. Indica que hai moitos servizos que no seu día tiñan contrato que logo rematou, non se fixo un novo pero que se segue a prestar o servizo, e recoñece que iso está mal pero que a alternativa a non facelo así e que hai que pechar, deixar de prestar servizos; pero que el como alcalde asume a responsabilidade e risco que ten levantar os reparos.

Dille ao Sr. Pena, que mire ou pregunte noutras administracións ou que simplemente lea a prensa, porque a situación do 80% dos concellos é a mesma que a de Ponte deume, que é a realidade que hai.

Continúa o **Sr. Presidente** falando sobre o tema da presións dicindo que en todos os traballos sempre hai discrepancias e discusións, que se ocorre, se piden desculpas e indica que el xa o fixo.

Sendo as 13:39 horas don José Simoes Couceiro, concelleiro do PSdeG-PSOE, regresa a sesión

En relación ao organigrama, o **Sr. Presidente** indica que é ineficaz porque non hai ningún departamento de contratación e mentres o departamento de secretaria está asumindo esas funcións e o persoal dese departamento está desbordado porque xa ten moitos outras funcións.

Indica o **Sr. Presidente** que non todo está sen contrato, que na relación que se achega hai facturas con contrato e que a interventora non se para a analizar cada factura, que o seu informe xeral; e di que o 99% das facturas teñen unha tramitación exquisita e perfecta. En relación ao pregos ten a tranquilidade de que foron presentados por rexistro e que se deu orde verbal para a súa tramitación e non hai ningún departamento que o negara por escrito; pero que o persoal é o que hai, que cando se puido reforzar os departamento se fixo, ou con máis persoal ou con convenios de colaboración con outras administracións. Pero todo leva unha tramitación e moitas horas de traballo, que se dan pasos para ir mellorando a situación tal mal non pode ser porque se seguen prestando servizos, facendo cousas e o traballo do goberno é respaldado pola cidadanía polo menos cando lle toca cada 4 anos exercer o seu dereito ao voto. Tamén di que se podería facer mellor e que el é o máis interesado porque repite responde co seu patrimonio persoal.

Continúa dicindo o **Sr. Presidente** que o equipo de goberno votará a favor porque moitas son empresas pequenas e autónomos, que prestaron o servizo, subministro ou obras; e non teñen culpa dos problemas administrativos do Concello de Ponte deume.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tamén indica o **Sr. Presidente** que non é certo que a intervención se decate do gasto cando chegan as facturas, xa que en moitas ocasións se pregunta á intervención se hai crédito e por sorte hai un orzamento cun elevado nivel de vinculación xurídica elevado que permite compartir gastos entre distintos departamento dependentes un de outros; e por último indica que houbo un remanente de tesouraría de 1 millón de euros, polo que di que tan mal non deben estar economicamente.

Toma a palabra o **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG**, e cita textualmente o que di a doutrina do Consello Consultivo de Galicia "(...) *El reconocimiento extrajudicial de créditos, tal y como su propio nombre indica, supone un reconocimiento de que se ha comprometido un gasto sin crédito, y por lo tanto se ha cometido una irregularidad constitutiva de nulidad de pleno derecho (...)*"

Indica o **Sr. Pena** que o que quere o seu grupo municipal é que o goberno faga ben as cousas, que levan dende o ano 2015, e non fixeron nada; que non regularizaron ningún servizo (*e cita servizo eléctrico, SAF, conserxería e mantemento dos colexios, limpeza viaria, asesoría xurídica, escola infantil, mantemento de parques*); que hai pregos presentados por rexistros e que pensan que iso xa é un expediente de contratación listo para ser informado xuridicamente pero é necesaria unha tramitación posterior (informe de necesidade, informe órgano contratación, pregos..); pregunta dos contratos importantes deste concello, cales teñen un contrato que fixera o goberno en vigor, e di que a resposta é ningún.

Continúa o **Sr. Pena** dicindo que considera terrible que o Sr Presidente diga e pense, que as presións e sobrecargas de traballo que poden afectar a saúde dos traballadores; é o día a día das empresas.

Sobre a RPT **di don Luis Pena Mosquera**, concelleiro do BNG, que se modificou puntualmente cando foi necesario, pero agora mesmo e ante o recoñecemento por parte do Sr. Presidente de que está mal organizada, dille que fagan unha nova, con novas asignacións, que o goberno leva 9 anos e tivo tempo para actualizala.

Continúa dicindo o **Sr. Pena** que o seu grupo estaría encantado de poder votar a favor, e que chegaran a un recoñecemento extraxudicial os mínimos gastos posible, para pequenas facturas que estaban mal, e tamén desexan que se saquen os contratos con transparencia e publicidade e isto non sucede; que non queren que se peche o concello só que se fagan ben as cousas.

Responde o **Sr. Presidente** para indicar que non é certo que non se fixeran contratos; que nos últimos nove anos o SAF contratouse 2 veces e que na actualidade está sen contrato porque o prezo do servizo se incrementou considerablemente con respecto ao licitado polo que a empresa adjudicataria presentou a renuncia; as actividades culturais e deportivas, que se tramitan o 90 % dos contratos de obras. Recordarlle ao Sr. Pena que na anterior lexislatura lle ofreceu publicamente levar a contratación do Concello, e que aínda está esperando pola resposta, e di que se lle interesara tanto a contratación, máis alá das diferencias política e ideolóxicas, e pola responsabilidade da que fala o Sr. Pena e en defensa dos intereses da





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

veciñanza de Ponte deume e ante a inoperante e incompetencia do goberno municipal; debería ter, o grupo municipal do BNG, asumido esas competencias naquel momento.

Continúa o **Sr. Presidente** co ofrecemento novamente e publicamente esa delegación ao grupo municipal do BNG que non é nada raro; e pon o exemplo do Concello das Pontes onde o BNG na oposición aceptou a delegación en materia de industria feita polo Alcalde. Indica que como segue esperando a resposta é indicativo de que non lle interesa nada e que está encantado coa situación porque lle permite dicir que o goberno é incompetente e inoperante; reitera o ofrecemento e dille que nun ano poden facer balance da situación, para ver cantos contratos sacaron adiante.

Indica o **Sr. Presidente** que non van conseguir nada, porque non é cuestión de vontade nin de competencia, porque é un problema de que a estrutura administrativa deste concello non da para máis e está limitada pola lei que prohibe facer ofertas de emprego público; que se intentou por dúas veces facer unha nova definición das funcións dos traballadores e non se chegou a acordo cos traballadores municipais, xa que a pesar de levar un incremento salarial a proposta do goberno á hora da votación, 21 foi a favor, e trinta e pico non viñeron a votar; polo que se decidiu parar esas novas valoración e ese novo incremento salarial ante a ausencia do 60% dos traballadores. Di que isto sucedeu no 2018.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG**, para dicir que no seu día votaron a favor das modificacións da RPT porque se considerou que estaba ben; pero agora mesmo, está recollido na proposta da alcaldía, que tal e como está agora non recolle nin os protocolos nin as funcións axeitadas para xestionar ben.

Continúa o **Sr. Pena**, dicindo que se lle está ofrecendo esa delegación será porque o propio Sr. Presidente considera que o seu propio equipo non está capacitado e que él non considera que o equipo de goberno non esta capacitado para levar os contratos, senón que non o fixeron; e di que non lle interesa porque a él o pobo e a veciñanza o relegou a oposición e que esa é a súa misión e que a eles lles encargaron o goberno esa misión é a que teñen que cumprir e teñen que aceptar críticas obxectivas, coherentes e por escrito da oposición.

Pregúntalle o **Sr. Pena** ao Sr. Presidente se dende que él é concelleiro e cando estaba na oposición se viu nalgún momento, algún informe tan duro como o da intervención ou o da secretaria municipal, e que estes informes son resultado da súa xestión, e cree que o 90% da xestión do concello vai con reparo.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para responder que é posible que non vira informes máis duros, e para dicirlle ao Sr. Pena, que tamén vai con reparos a concesión da subvención ao seu grupo político porque non presentan ben as cousas, e que a súa compañeira viña pedir que se levantara o reparo. Di que agora entende que non quere levar a delegación de contratación xa que, como non é capaz de presentar correctamente a xustificación da subvención que lle concede ao seu grupo político, non se ve capacitado para levala.

A este respecto, o **Sr. Pena**, afirma que non lle pide que levante o reparo.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Presidente da por rematadas as intervencións e procedese á votación

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 8 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSDG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D^a Ángela Piñeiro Carrera e D^a. Manuela García Fachal; **UN VOTO EN CONTRA (1)** do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **2 ABSTENCIÓNS**, dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos, das facturas achegadas neste ano 2024, pero referidas a prestacións realizadas no exercicio 2023, por importe total de **30.693,72 euros**, incluídas na relación F/2024/21 seguintes:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Dto	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ
F/2024/199	09/01/2024	Emit- 236	03/01/2024	55,60	32647528V	MEIZOSO COUTO JESUS	COPIA DE CHAVES OFICINA TURISMO E ALBERGUE, DECEMBRO 2023. D. ADX.		
F/2024/246	17/01/2024	02/24	17/01/2024	1.403,60	G15512502	ASOCIACION DE VOLUNTARIOS AVAN	2 AMBULANCIAS, 4 TES + ENFERMEIRA, BAIXADA DO RÍO EUME 15/08/23	341	22701
F/2024/568	19/02/2024	F23 5075	22/12/2023	474,32	B15673270	INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL SL.	DESINFECCIÓN E LIMPEZA LEXIONELA 2º SEMESTRE 2023	342	22799
F/2024/584	23/01/2024	2892	30/06/2023	49,45	32663835V	JOSE MANUEL TENREIRO COUCE	FROITAS VIII TORNEO FÚTBOL SALA NOGUEIROSA 23,24 E 25 XUÑO 2023. D. ADX	341	22601
F/2024/858	12/03/2024	9 252	21/09/2023	15,16	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	08/08/2023 SUMINISTRO PRODUTO LIMPEZA ALBERGUE PEREGRINOS D.ADX.	4322	22110
F/2024/859	12/03/2024	9 263	03/10/2023	240,97	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	28/09/2023 SUMINISTRO MATERIAL LIMPEZA ALBERGUE D.ADX.	4322	22110
F/2024/864	12/03/2024	9 284	20/10/2023	30,75	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	16/10/2023 SUMINISTRO PRODUCTOS LIMPEZA TORREÓN D.ADX.	4321	22110
F/2024/1018	01/04/2024	Rect-Emit- 162	20/02/2024	62,92	B15643901	VICENTE RODRIGUEZ CALVO,SL	11/12/2023 REPARACIÓN BAÑO ALBERGUE PEREGRINOS (1H MAN DE OBRA + MATERIAIS)	4322	21300
F/2024/1280	30/04/2024	2024 27	11/04/2024	14.144,90	32676569D	MANUEL DOMINGUEZ DOMINGUEZ	REPARACIÓNS VARIAS GARDERÍA, REPARACIÓN PORTA CRISTAL, PICADO TEITO... ANO 2023, D. ADX	3232	21200
F/2024/1430	07/05/2024	9 20	17/01/2023	46,51	32684164Z	ATILANO DOCE FEAL	(ANO 2022) MATERIAL LIMPEZA CASA DA CULTURA	334	22110
F/2024/1452	07/05/2024	FE24AG 69	23/04/2024	1.877,92	B70384607	AGADA OCCIDENTE, S.L.	25/29 SETEMBRO 2023.CORTE E DEMOLICIÓN PAVIMENTO R/ SAN MIGUEL	1532	21000
F/2024/1475	08/05/2024	C00 1242	08/05/2024	5.839,52	G15597669	FUNDACION ESTUDIOS ANALISIS(FESAN)	NOVEMBRO 2023, AMPLIACIÓN PERSOAL EIM CHALÉ ROSA 5º AULA E REGULARIZACIÓN DÍA HUELGA 8/11/23, D. ADX	3232	47200





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

F/2024/1476	08/05/2024	C00 1241	08/05/2024	6.452.10	G15597669	FUNDACION ESTUDIOS ANALISIS(FESAN)	NOVEMBRO 2023, AMPLIACIÓN PERSOAL EIM CHALÉ ROSA 4º AULA E REGULARIZACIÓN DÍA HUELGA 8/11/23 E BAIXAS, D. ADX	3232	47200
-------------	------------	----------	------------	----------	-----------	------------------------------------	---	------	-------

Das anteriores facturas, están incluídas en proxectos de gasto as seguintes:

- Proxecto de gasto 2023/3/JY/3/3 "Escola infantil": F/2024/1475 e 1476

SEGUNDO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

4. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: DÍA DO ORGULLO LGBTI

Con motivo da declaración institucional acordada entre os grupos municipais, este punto retirase da orde do día

5.- MOCIÓN DO BNG: SOLICITAR O RESCATE DA AP-9 E A SÚA TRANSFERENCIA A GALICIA

Toma a palabra o **concelleiro portavoz do partido municipal do BNG, don Luis Pena Mosquera**, que da lectura á moción presentada:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prolongación da concesión da AP-9 até o ano 2048 representa un importante problema do punto de vista social, económico e político para a Galiza. Esta é unha autoestrada que funciona como un eixo ao redor do cal se articula un territorio con máis de 70% da poboación, os 3 aeroportos, todos os portos de interese xeral e tamén a maior parte da actividade económica e empresarial do noso País. Por tanto, que un elemento de mobilidade tan central sexa unha vía de pagamento coas portaxes máis altas do Estado español é un evidente problema, non só para os usuarios e usuarias particulares, senón tamén para as empresas que ven gravados os custos de produción e de distribución como consecuencia do pago das peaxes.

Isto vese agravado por 3 feitos. En primeiro lugar porque na Galiza carecemos dun sistema de transporte público á altura das necesidades que estruture a mobilidade interna de forma racional, tanto para pasaxeiros como para mercadorías. En segundo lugar, pola nosa peculiar forma de habitar o territorio, cunha poboación dispersa que acentúa a dependencia do vehículo privado e, en terceiro lugar, porque temos unha posición xeograficamente periférica na península e en Europa o que, combinado cos aspectos anteriores, fainos practicamente cativos do transporte por estrada, especialmente ás empresas galegas que queren mover os seus produtos ou sacalos fóra do noso país.

Mais a estas motivacións debemos engadir aínda una cuarta realmente importante. O mantemento das peaxes na AP-9 representa non só un castigo para todos os galegos e





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

galegas senón unha clara discriminación coa Galiza, posto que todas as autoestradas da xeración da AP-9 hoxe están xa libres de peaxe unha vez que caducou a concesión ou estarano proximamente. Só en setembro de 2021, máis de 600 km, a maioría en Cataluña.

No caso do Autoestrada Atlántico a concesión inicial de 40 anos finalizou no ano 2013. Porén, distintos gobernos de diferente cor e de forma absolutamente insensíbel coas necesidades da Galiza, adoptaron a decisión de prorrogar a concesión dunha infraestrutura xa suficientemente amortizada e pola que os galegos e galegas levan pagando moito tempo. Primeiro un Goberno de Felipe González, do Partido Socialista, prorrogou a concesión durante 10 anos, entre 2013 e 2023. Máis adiante, no ano 2000, un Goberno de Aznar, do Partido Popular, fixo unha nova prórroga entre o ano 2023 e 2048, nin máis nin menos que de 25 anos. É dicir, decidiu regalar un negocio seguro durante máis de 2 décadas a unha empresa como AUDASA -que fora pública e privatizada tamén polo PP de Aznar en 2003 por 1000 M€-, agora xa totalmente de capital foráneo ao Estado español, en mans de fondos voitre, á conta de que os galegos e galegas sigan a pagar as peaxes e sacrificando o seu desenvolvemento social e económico.

O conxunto da sociedade galega leva moito tempo reclamando pór fin á concesión, moito tempo reclamando unha AP-9 galega e libre de peaxes. Para logralo o BNG impulsou iniciativas neste sentido en todas as institucións. No Parlamento galego xa en catro ocasións a proposta para a transferencia da AP-9 á Galiza foi acordada por unanimidade de todas as forzas políticas e debatida neste Congreso en dúas.

A capacidade de negociación do BNG levou a que o Goberno establecese bonificacións para os usuarios e usuarias habituais que xa están en vigor desde o ano 2021 e que chegan a 60% das tarifas. Mesmo, conforme ao establecido no último acordo de investidura, as bonificacións deben aumentarse aínda até 75% e ser aplicadas tamén na AP-53, por certo, outra autoestrada cunha concesión de longa duración de 75 anos. Un compromiso revalidado polo propio Ministro na súa intervención en que anunciou que espera sexa executado no presente exercicio.

Mais non é suficiente o abaratamento das peaxes para os usuarios e usuarias habituais da AP-9, senón que esta autoestrada debe pasar a ser libre de peaxe. Lograr este obxectivo na actualidade está perfectamente xustificado se consideramos que, segundo a Comisión Europea, as prórrogas nas concesións foron adoptadas de forma irregular, polo que se podería declarar a nulidade da concesión actual. Así, no ano 2021 a Unión Europea abriu un expediente de infracción ao Estado español por considerar que as prórrogas da AP-9 se produciron de forma ilegal ao non cumpriren o principio de concorrencia competitiva. Máis recentemente, neste mesmo ano, a UE abre un novo expediente de infracción ao Estado español polo mesmo motivo. Existen, por outra parte, precedentes de casos similares que foron xa resoltos anulando a concesión.

O Ministerio debe realizar un estudo serio e fiábel sobre o verdadeiro custo de pór fin á concesión da Autoestrada do Atlántico. O Ministro avanzou a cifra de 4000 millóns de euros, porén ese cálculo non vén abalado por datos contrastados. Algunhas outras estimacións sitúano ao redor dos 2000 millóns de euros ou entre 2 e 3000 millóns de euros. Neste caso é preciso lembrar que o Goberno procedeu a aprobar unha reserva de crédito de 2300 M€ entre ese ano e 2048 para custear as bonificacións que se establecían na AP-9. Isto implica regalar 2300 millóns de euros a unha empresa privada de capital foráneo no canto de destinar eses





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

mesmos recursos para converter en gratuíta a AP-9, co efecto positivo que iso tería no desenvolvemento social e económico da Galiza.

Ademais, si foron executados rescates milmillonarios noutras infraestruturas como o caso das radiais madrileñas das que se descoñece a día de hoxe con exactitude o custo real aínda que se estima que se situou por riba dos 4000 millóns de euros. No caso da AP-9 na Galiza, resulta evidente que é moito máis favorábel para os intereses públicos pór punto final á concesión da AP-9 que seguir regalando diñeiro de todos os galegos e galegas a unha empresa privada que fai un negocio escandaloso coas peaxes. Segundo os datos públicos da propia Audasa, só no ano 2023, os lucros da empresa na Autoestrada do Atlántico foron de 82,6 M€, un 25% máis que no ano anterior.

En definitiva, non hai razóns para non transferir a AP-9, como non as hai para non finalizar a concesión e que pase a ser unha autoestrada galega e libre de portaxes. O BNG reclama, ao igual que o fai a grande maioría da sociedade galega, que se poña fin á estafa legalizada que implican as peaxes da Autoestrada do Atlántico, unha demanda socialmente xusta e que se axusta á legalidade vixente.

*Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG somete a debate a presente moción e solicita a adopción do seguinte **ACORDO**:*

1. Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- a) A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.*
- b) A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.*
- c) O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.*

2. Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9”.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do grupo municipal do PP**, para dicir que non é a primeira vez que se trae esta moción ao Pleno e que o seu voto vai ser a favor.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, para dicir que tamén van votar a favor pero que lles gustaría incluír o seguinte punto; para que mentres non se consiga o solicitado nos outros puntos se manteña o compromiso dos descontos.

“Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado, que, mentres non se fagas efectivos os puntos precedentes, se continúe no camiño comezado polo goberno de España no





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ano 2021, no marco cara á gratuidade das peaxes da AP-9, consolidándose co novo compromiso de bonificación da AP-9 e AP-53 do 75%”

Logo da deliberación, os grupos políticos acordan incluír o novo punto (é o punto 3) de acordo, quedando a moción enmendada, na súa parte resolutiva como segue:

*Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG somete a debate a presente moción e solicita a adopción do seguinte **ACORDO**:*

1. Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- a) A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.
- b) A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
- c) O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.

2. Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.

3. Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado, que, mentres non se fagas efectivos os puntos precedentes, se continúe no camiño comezado polo goberno de España no ano 2021, no marco cara á gratuidade das peaxes da AP-9, consolidándose co novo compromiso de bonificación da AP-9 e AP-53 do 75%

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta enmendada quedando **ADOPTADO POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

1. Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- a) A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.
- b) A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
- c) O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.

2. Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.

3. Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado, que, mentres non se fagas efectivos os puntos precedentes, se continúe no camiño comezado polo goberno de España no ano 2021, no marco cara á gratuidade das peaxes da AP-9, consolidándose co novo compromiso de bonificación da AP-9 e AP-53 do 75%





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE REMSIÓN DE INFORMACIÓN DE ESFORZO FISCAL 2022

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO ESFORZO FISCAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022

(Expediente TEdC: 2024/X999/000227)

En cumprimento das obrigas de remisión de información do esforzo fiscal ao Ministerio de Hacienda y Función Pública, rematando o prazo o 30/06/2024.

*Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:*

ÚNICO.- *Dar conta do informe de Intervención de referencia 204/2024, de asunto: “Comunicación da remisión do esforzo fiscal correspondente ao exercicio 2022”*

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**

7.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 25 DE MAIO DO 2024 AO 21 DE XUÑO DE 2024 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE XUÑO DE 2024

Expediente TEdC: 2024/G006/000149





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **273/2024** de 27 de maio ao **349/2024** de 21 de xuño de 2024, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000318	Sesión ordinaria do Pleno de día 30 de maio de 2024	00273/2024	27-05-2024 14:04
2024/G003/000319	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes maio 2024	00274/2024	28-05-2024 10:43
2024/G003/000320	Nomeamento interventor accidental, os días 29,30,31 de maio e do 25 de xuño ao 2 de xullo de 2024.	00275/2024	28-05-2024 10:51
2024/G003/000303	Rehabilitación do lavadoiro de Vizús-Centroña	00276/2024	28-05-2024 10:46
2024/G003/000297	Solicitude cambio de vehículo licenza de taxi núm. 15. JMPA.	00277/2024	28-05-2024 11:34
2024/G003/000306	Liquidacións seguros sociais abril 2024	00278/2024	28-05-2024 12:07
2024/G003/000314	Elaboración de nóminas-incidencias nómina mes maio 2024.	00279/2024	28-05-2024 12:12
2024/G003/000316	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes maio 2024	00280/2024	28-05-2024 12:30
2024/G003/000216	Aprobación certificación liquidación da obra -Humanización rúa Firrete-. POS + 2021	00281/2024	24-05-2024 14:24
2024/G003/000324	Aprol rural 2024	00282/2024	29-05-2024 14:46
2024/G003/000310	Convocatoria prazas administrativo OEP 2019 Ponte deume	00283/2024	29-05-2024 14:46
2024/G003/000327	Delegación alcaldía presidencia días 30 de maio ao 5 de xuño de 2024	00284/2024	29-05-2024 14:46
2024/G003/000322	Constitución en parte e designación de defensa letrada no recurso contencioso administrativo PO4158/2024	00285/2024	29-05-2024 15:18
2024/G003/000329	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de día 30 de maio de 2024	00286/2024	29-05-2024 15:18
2024/G003/000332	Aprobación certificación nº 4 e nº 5 da obra -Acceso ao Castro dende DP.6902-, Plan mellora camiños rurais 2023/2024 Agader.	00287/2024	31-05-2024 10:59
2024/G003/000323	Axudas para situacións de emerxencia social	00288/2024	31-05-2024 14:00
2024/G003/000313	Expediente sancionador de tráfico DR 21939-2023	00289/2024	04-06-2024 13:51
2024/G003/000312	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000031807	00290/2024	04-06-2024 13:49
2024/G003/000283	XXXIV concurso de contos vila de	00291/2024	04-06-2024





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	Pontedeume. 2024		19:31
2024/G003/000317	Solicitude de axuda á dependencia	00292/2024	04-06-2024 19:32
2024/G003/000321	Proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia.	00293/2024	04-06-2024 19:32
2024/G003/000315	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia do mes de marzo de 2024.	00294/2024	04-06-2024 19:34
2024/G003/000326	Inscripcións talleres culturais curso 2023/2024	00295/2024	04-06-2024 19:41
2024/G003/000325	Expediente sancionador de tráfico AI 9950000031872	00296/2024	04-06-2024 19:47
2024/G003/000334	Modificación de crédito número 11. Xeración de crédito número 6. Agader.-	00297/2024	04-06-2024 19:48
2024/G003/000335	Modificación de crédito 12. Xeración de crédito 7. Igualdade.-	00298/2024	04-06-2024 19:48
2024/G003/000343	Participación na 1ª fase do POS + adicional 2/2024 coa inclusión da actuación "Mellora da capa de rodaxe da pista Covés - Figueirido (Nogueirosa)"	00299/2024	06-06-2024 12:05
2024/G003/000351	Delegación alcaldía presidencia 06-06 ata 10 de xuño incluído	00300/2024	06-06-2024 12:13
2024/G003/000336	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00301/2024	08-06-2024 16:22
2024/G003/000337	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00302/2024	08-06-2024 16:22
2024/G003/000338	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00303/2024	08-06-2024 16:23
2024/G003/000339	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00304/2024	08-06-2024 21:33
2024/G003/000340	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00305/2024	08-06-2024 21:34
2024/G003/000341	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00306/2024	08-06-2024 21:34
2024/G003/000342	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00307/2024	08-06-2024 21:36





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000344	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00308/2024	08-06-2024 21:38
2024/G003/000349	Expediente sancionador de tráfico Al 99500000031941	00309/2024	08-06-2024 22:05
2024/G003/000354	Nomeamento funcionaria interina aux. Administrativa, L Y F.	00310/2024	08-06-2024 21:36
2024/G003/000366	Decreto delegación alcaldía día 10 ao 17 de xuño incluídos	00311/2024	10-06-2024 13:56
2024/G003/000352	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00312/2024	12-06-2024 10:30
2024/G003/000355	Escolas deportivas de verán 2024	00313/2024	12-06-2024 10:33
2024/G003/000350	Decreto resolución convocatoria subvencións por concorrencia competitiva a entidades deportivas (2023-24)	00314/2024	12-06-2024 10:34
2024/G003/000360	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00315/2024	12-06-2024 10:31
2024/G003/000362	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00316/2024	12-06-2024 10:29
2024/G003/000363	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00317/2024	12-06-2024 10:28
2024/G003/000364	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00318/2024	12-06-2024 10:27
2024/G003/000365	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00319/2024	12-06-2024 10:25
2024/G003/000356	Expediente sancionador de tráfico dr 27378-2023	00320/2024	12-06-2024 10:21
2024/G003/000376	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00321/2024	12-06-2024 18:44
2024/G003/000390	Aprobación relación de facturas F/2024/23	00322/2024	14-06-2024 13:58
2024/G003/000333	Nomeamento secretaria accidental os días 17, 20 e 21 de xuño de 2024.	00323/2024	14-06-2024 15:02





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000379	Proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia.	00324/2024	17-06-2024 10:59
2024/G003/000385	Solicitude de ampliación de horas no saf de dependencia	00325/2024	17-06-2024 11:00
2024/G003/000368	Solicitude de ampliación de horas no servizo de axuda no fogar de dependencia.	00326/2024	17-06-2024 10:58
2024/G003/000386	Proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia.	00327/2024	17-06-2024 11:35
2024/G003/000393	PEL concellos-deputación 2024	00328/2024	18-06-2024 11:17
2024/G003/000392	Risga 2024	00329/2024	18-06-2024 11:17
2024/G003/000389	Modelo 111, IRPF maio 2024	00330/2024	18-06-2024 11:17
2024/G003/000398	Sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Asuntos Xerais de Pleno de día 24 de xuño de 2024	00331/2024	19-06-2024 14:38
2024/G003/000399	Sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda de día 24 de xuño de 2024	00332/2024	19-06-2024 14:38
2024/G003/000397	Risga 2024	00333/2024	19-06-2024 15:44
2024/G003/000377	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000032011	00334/2024	20-06-2024 09:46
2024/G003/000372	Tesoureria: solicita dar de baixa o vado en avd. Dr. Villanueva nº9	00335/2024	20-06-2024 09:46
2024/G003/000371	Tesoureria: solicita renovacion de señal de vado por deterioro	00336/2024	20-06-2024 09:46
2024/G003/000361	Tesoureria: cambio de titularidade de vado a nome de CP. Ricardo sanchez 32 (ant.50) Ponte deume	00337/2024	20-06-2024 09:46
2024/G003/000359	Tesoureria: solicita pasar ao seu nome o recibo de entrada de vehiculos do garaxe sito en porto 17 baixo	00338/2024	20-06-2024 11:34
2024/G003/000369	Aprobación das bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2024-2025. Segundo ciclo de educación infantil, primaria e eso.	00339/2024	20-06-2024 11:34
2024/G003/000375	Tesoureria: devolución de taxa ingresada a maiores por realización de obras	00340/2024	20-06-2024 11:34
2024/G003/000380	Outorgamento licenza para tenza animais RPP a nome de A M G	00341/2024	20-06-2024 13:03
2024/G003/000387	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00342/2024	20-06-2024 13:03
2024/G003/000388	Oferta emprego público, exercicio 2021,	00343/2024	20-06-2024





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración		13:03
2024/G003/000391	Solicitud de tarxeta de estacionamento. CCP	00344/2024	20-06-2024 13:03
2024/G003/000348	Aprobación relación de facturas F/2024/20.-	00345/2024	21-06-2024 13:05
2024/G003/000358	Aprobación relación de facturas F/2024/22.-	00346/2024	21-06-2024 13:05
2024/G003/000370	Tesourería: cambio de titular da placa do garaxe situado en avda. Ricardo sanchez 25-27 con licencia de vado permanente nº 48	00347/2024	21-06-2024 13:05
2024/G003/000381	Renovación de tubaxes na rede xeral de abastecemento de auga potable en Nogueirosa marxe esquerda da estrada AC-144 (p.q. 2+261 a p.q. 2+421) POS + 2023	00348/2024	21-06-2024 13:05
2024/G003/000404	Solicitud de tarxeta de estacionamento para persoas con dificultades de mobilidade	00349/2024	21-06-2024 14:27"

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

A secretaria indica que se presenta a seguinte moción fóra da orde do día, pola vía de urxencia:

- Moción do PSdeG-PSOE en defensa do servizo básico e esencial da educación pública.

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes.

9.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA.

Toma a palabra a concelleira portavoz do partido municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro, que da lectura á moción presentada.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Rematado o curso escolar 2023-2024 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a consellería de educación da Xunta de Galicia levou a cabo neste curso a prol do ensino público de calidade no noso concello. Os **gobernos locais** afóganse economicamente asumindo funcións que non lle corresponden; familias afogadas economicamente e sen **transporte** para que os seus fillos e fillas teñan unha Formación Profesional básica; **infraestruturas** de colexios e institutos non adecuados á modernización das ensinanzas de calidade e básicas; **colexios do rural** cada curso con menos docentes, menos recursos e máis peches.

Denunciamos que a Xunta de Galicia deriva cada vez máis competencias aos concellos sen dotalas de financiamento, o que afoga as economías municipais. Os **gobernos locais** asumimos como propias, con cargo a arcas municipais, competencias da administración autonómica, como son o mantemento, conservación, limpeza, vixilancia e conserxería. Estamos nunha constante loita entre as competencias da administración local e autonómica cada vez que temos que asumir un gasto dos centros escolares en cuestión xa non de mantemento senón de inversión, algo que pola lei de racionalización das entidades locais, nós non podemos asumir. E sexamos realistas, a maioría dos **centros educativos** contan con máis de 40 anos dende a súa construción, polo tanto xa non se trata dunha cuestión de reparación se non de investimento. Pero neste fogo cruzado sempre perden os centros escolares dos nosos concellos e polo tanto as nosas nenas e os nosos nenos. Non podemos seguir asumindo esta situación por máis tempo. É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por todas as súas responsabilidades e deixe de afogar economicamente co seu desleixo aos concellos.

O transporte Escolar é deficiente para alumnado de ensinanzas de Bacharelato e de Formación Profesional, sobre todo no ámbito rural, onde moitas das familias teñen que afrontar o gasto do transporte ou mesmo son as familias quen se fan cargo do traslado en coche propio dos seus fillos e fillas aos institutos de Formación Profesional.

Por outra banda, seguindo as peticións das familias e do propio persoal dos centros educativos do noso concello, é necesaria tamén unha **inversión en recursos humanos** e en profesorado tanto en docentes en xeral como en profesionais especialistas (Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación, etc...). Cada curso escolar vemos como se suprime profesorado especialista e de apoio a alumnado con necesidades educativas especiais, sobre todo nos **colexios rurais**.

Neste concello ademais, vimos como a pandemia foi escusa para suprimir a EPA (educación para adultos) que se levaba a cabo dende hai anos no IES Breame e non volveu a ofertarse dende entón nesta vila, obrigando a todos aqueles que teñen a necesidade de obter estes estudos básicos a Ferrol, co conseguinte gasto e dificultades de desprazamento que esto supón, facendo que moitos desistan desta tarefa tan necesaria hoxe en día para a obtención de calquera posto de traballo.

Como se pode observar, o goberno do Partido Popular suspende en garantir unha educación pública de calidade, o único no que aproba é nos recortes educativos e na incapacidade de asumir competencias propias. Iso dáse ben a este goberno, sobre todo nas **zonas do rural** e





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

que estes cursos anteriores tamén chegaron ás grandes cidades. Os recortes efectuados xunto coa incapacidade de cumprir coas competencias propias **consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos** que abundan na seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un **incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación**. Por isto temos que dicir que o goberno da **Xunta de Galicia suspende** en inversión efectiva na educación pública, considerando así que un goberno que non inverte na mellora educativa do seu país debería non **promocionar**. Si o goberno non promociona a sociedade tampouco, retrocedendo e quedando á cola de España e moito máis aínda da Comunidade Europea.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Ponte deume insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

1. **Asumir os custos** de mantemento, conservación, vixilancia e conserxería dos centros educativos con titularidade da Xunta de Galicia, que tanto está agravando as economías municipais.
2. Garantir o **servizo de transporte escolar gratuito** para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de Bacharelato e Formación Profesional.
3. **Incrementar** o número de docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe de acordo as necesidades dos centros que permita dar unha atención adecuada ao alumnado con NEAE, **incrementar** o número de profesorado dos centros escolares como apoio do persoal existente e **augmentar** o persoal do Equipo de Orientación Específico.
4. Elaborar un **plan específico** e estratéxico de organización do sistema educativo actual priorizando e potenciando as **escolas do rural**.
5. Restauración da EPA no Concello de Ponte deume.

A **Sra Bellón** di que os gastos en mantemento están a afogar aos concellos e que en inmobles de máis de 40 anos xa non é mantemento senón inversión. Sobre a EPA di que se eliminou durante a COVID trasladándoa a Ferrol, e que na actualidade a xente está demandando este servizo porque non hai posibilidade de desprazamento a Ferrol, tamén moitas veces motivado polo estado do sistema de transportes de viaxeiros.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do BNG**, para dicir que o seu voto é a favor pero queren aclarar algúns puntos; no que se refire a centros educativos titularidade da Xunta, pregunta cantos temos?





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Responde a **Sra. Bellón**, que a escola unitario de Ombre é de titularidade do Concello, o resto de centros de educación infantil e primaria son da Xunta de Galicia

Intervén o **Sr. Presidente**, que se asumen os custes de mantemento e limpeza que deriva do Pacto Local pero ao contrario do que sucedeu cos centros de saúde, nos que a asunción deses custos volveu para a Xunta, nos centro de ensino non; e indica que o concello non ten competencia en materia de educación. Indica que se esta negociando para que os gastos pasen a Xunta pero aínda non se acadou acordo; tamén recorda o Sr. Presidente que esta problemática de asunción de custos tamén está noutros servizos como o servizo de axuda no fogar ou na prestación da gardería infantil, xa que a Xunta non chega a aboar o prezo total horas de servizo pero venden a gratuidade (referido as garderías).

Pregunta o **Sr. Curbeira**, sobre o plan estratéxico e específico para escolas do rural, cales son as medidas que toma o concello para vixiar que non se peche a única escola rural que queda no Concello.

Responde a **Sra. Bellón** que é a de Ombre, que ten un proxecto educativo moi bo e diferente; pero teñen a dúbida de que cando ese ciclo de profesorado remate probablemente pechen a escolar.

Intervén o **Sr. Presidente** porque mentres haxa *ratio* de alumnos non a van a pechar, que se fixo algún chamamento aos veciños para levar os nenos alí, pero a xente prefire traelos a vila.

Aproveita o **Sr. Curbeira**, para preguntar se teñen constancia de que no colexio de Andrade quedaron dúas familias fora aínda tendo irmáns no centro.

Responde a **Sra. Bellón**, que sí, que tiñan constancia, e que se falou ca ANPA, que se enviou a queixa e que se solucionou; pero que non teñen competencia nese asunto. Asimesmo, fala do Consello escolar municipal que este curso non se celebrou, pero que hai que ver os tempos e poder escoller a data de celebración, axustar axenda de todos os centros.

Sen máis intervención, sométese a votación a moción presentada, quedando **APROBADA, POR MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSDG-PSOE(8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal; **2 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez; e **1 ABSTENCIÓNS** do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro.

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

10.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.

Transcribense as preguntas presentadas polo grupo municipal do BNG para o Pleno do mes de xuño, coas respostas do Goberno Municipal.

Pregunta 1. MEMORIA DEMOCRÁTICA. O pasado novembro presentamos unha moción para a revisión de honras e distincións e a eliminación de elementos contrarios á memoria democrática. Nesa moción instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na eliminación da simboloxía franquista no marco da Lei de Memoria Democrática mediante o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura. A principios de maio tivemos unha reunión de voceiros dos grupos municipais na que acordamos crear unha Comisión da Memoria Histórica. Cando estará rematado o expediente para que poda ir a pleno a creación desta comisión ?

Resposta do Goberno.- Esa documentación xa foi trasladada a o departamento que tramita esta documentación e se está a xestionar xunto co resto de expedientes.

Pregunta 2. COMISIÓN ALEXANDRE CAÍNZOS. En decembro do 2022 fai xa máis de 1 ano presentamos unha mocións cun único punto de acordo: Ponte deume e a súa veciñanza ten unha débeda impagable con Alexandre Caínzos. O concello de Ponte deume comprometése a realizar no ano 2023 un acto público de recoñecemento a O NOSO BIBLIOTECARIO e ao seu legado na vida cultural e artística da nosa Vila". Acordamos nunha xuntanza de voceiros para analizar a posibilidade de concederlle a medalla de ouro de Ponte deume da cultura e crear unha comisión para tal fin. Por que este desinterese para que 2 anos despois non se creara a comisión ? A última comunicación por escrito do seu goberno foi que fan iniciar a tramitación en xaneiro ¿que tramitacións se realizaron neste expediente dende xaneiro ?

Resposta do Goberno.- O expediente está rematado na parte correspondente as achegas da comisión destinada para informe de méritos e nos últimos días pasou a valoración do departamento que realiza a súa tramitación que realizará a súa tramitación para finalizar dito expediente.

Non é certo que a última comunicación por escrito deste goberno sexa de xaneiro, xa que o pasado mes se lles informou ao seu grupo, por unha pregunta sobre este mesmo tema, que estabamos na agarda do derradeiro informe de méritos que faltaba por recibir por parte dun membro da comisión.

Pregunta 3. OBRAS PONTE DE PEDRA. O pasado mes de febreiro publicaba o señor Alcalde no seu perfil de facebook unha entrada na que se falaba sobre as obras na ponte de pedra e sobre a gratuidade das peaxes da AP-9 entre Cabanas e Miño na que dicía: "segundo se nos trasladou no día de hoxe por parte dos responsables da policía, esta alternativa non evitaría unha parte importante do problema, chegando a trasladar gran parte das retencións ás saídas da autoestrada". Existe un informe policial sobre este asunto ? En caso de existir poden facilitarnos o acceso ao mesmo? En relación con isto, existe resposta oficial do Ministerio sobre





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

a proposta realizada polos Concellos de Ponte deume e Cabanas para a gratuidade das peaxes da AP-9 mentres duren as obras?

Resposta do Goberno.- Esa información trasladouse nunha reunión na que estabamos presentes os responsables das policía locais dos concellos, os alcaldes de ambos municipios, responsables da empresa adxudicataria e responsables do Ministerio de Fomento. A día de hoxe non existe resposta oficial por parte do Ministerio.

Pregunta 4. CARTEIS OBRA. Na entrada do paseo marítimo, na parte máis próxima á Ponte de Pedra, existen tres carteis de obras que levan alí un longo período de tempo (obra de saneamento, logotipo da Xunta e dunha empresa de obras) Cumpriuse o prazo legal polo que estes carteis teñen que estar expostos? Para cando está prevista a súa retirada?

Resposta do Goberno.- Si. Dende o concello entendemos que ese prazo xa rematou e puxémonos en contacto coa consellería para a súa retirada

Segundo nos trasladan de Aguas de Galicia, ditos carteis serán retirados durante as próximas semanas.

Pregunta 5. ORDENANZA TERRAZAS. En setembro do 2021 dicían vostedes que contrataran “un estudo sobre a situación das terrazas dos locais de hostalaría de Ponte deume e que foi utilizado para a elaboración do borrador dunha ordenanza de terrazas xa rematado”. En setembro do 2023 preguntamos de novo, e respondían vostedes que os técnicos de administración xeral acababan de incorporarse e que aínda non dera tempo de traballar niso. Agora, case un ano despois da nosa última pregunta saben cando van facer público o borrador de ordenanza tan relevante para un concello como Ponte deume no que a hostalaría é unha actividade económica excepcionalmente relevante como xeradora de emprego?

Resposta do Goberno.- Unha vez que o borrador estea revisado polos distintos departamentos que interveñen na súa redacción convocárase ao sector para darlle a coñecer e escoitar as súas suxestións. Como ben saben así se fan constar nos informes remitidos polos responsables das áreas que inflúen na tramitación deste expediente a sobrecarga de traballo e que afecta na actualidade a estas áreas, así como o número de expedientes que se están a tramitar fai que se alonguen máis do que nos gustaría.

Pregunta 6. PASEO DE MADEIRA DO PEIRAO. No paseo de madeira do peirao existen varias táboas levantadas ou en mal estado. Sabe o goberno se se realizou ou se vai realizar algún mantemento antes do verán, no que a afluencia de persoas é maior e polo tanto existen tamén maiores posibilidades de ter un accidente?

Resposta do Goberno.- Segundo o técnico municipal, esas táboas as que se fai referencia están no final da súa vida útil polo que compre a súa retirada e substitución, competencia como ben saben do ente Portos de Galicia. Por ese motivo hai meses que se trasladou esa petición





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ao organismo autonómico e onte mesmo o alcalde tivo unha reunión co presidente de Portos onde se lle trasladou esa cuestión

Pregunta 7. CONCERTOS NA RÚA. Nas pasadas semanas diferentes hostaleiros/as recibiron comunicación máis ou menos formais por parte do Concello sobre a imposibilidade de facer concertos fóra dos establecementos. Poden confirmar esta información? Si é así. A que se debe o cambio de criterio?

Resposta do Goberno.- O que se lle trasladou a todos aqueles que en algún momento solicitaron realizar algún concerto foi a necesidade de cumprir coa normativa que regula este tipo de eventos, tendo en conta as queixas e denuncias chegadas ao concello por veciños ante o suposto incumprimento da lexislación vixente. Como ben saben a Lei de Espectáculos de Galicia regula os requisitos que se deben cumprir para a celebración deses eventos, que é tal cal o que se trasladou dende o concello dando cumprimento á nosa obriga legal

Pregunta 8. DEPORTE NA RÚA. O Día do deporte na rúa é unha data moi agardada por crianzas e familias. Este ano non se realizou esta actividade. Está prevista algunha data ou non se vai realizar? Se non se vai realizar poden dicirnos o motivo desta suspensión?

Resposta do Goberno.- O ano todavía non rematou. Fíxose notar por parte dalgunha entidade deportiva que estíbese a distorsionar o principal obxectivo do Deporte en Igualdade, que non era outro que a promoción da actividade deportiva e das distintas disciplinas que se imparten por parte do tecido asociativo da nosa vila .

Por este motivo, estase a redefinir o evento ca axuda dos técnicos dos diferentes departamentos implicados e unha vez avanzado ese traballo manterase unha reunión coas diferentes entidades deportivas co fin de poñer en valor os principais obxectivos desta xornada e das súas características.

Don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG, pregunta na propia sesión do pleno, oralmente, o seguinte, en relación coa compensación no IBI e bonificación dos colexios concertados e do IAE por cooperativas. Ao que se resposta afirmativamente, e que cooperativas hai unha.

10.2.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG

Non se presentaron rogos.

10.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP

Transcribense as preguntas presentadas polo grupo municipal do PP para o Pleno do mes de abril, coas respostas do Goberno Municipal





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pregunta 1.- El año pasado hubo problemas para ofrecer servicio de socorrismo en la Playa de Ber, ¿podrían informarnos de qué se piensa hacer este año sobre el asunto? Empieza la temporada de playa y no tenemos conocimiento de que se vaya a ofrecer este servicio

Resposta do Goberno.- Desde a chegada deste equipo de goberno ao Concello de Ponte deume , foi sempre a máxima prioridade contar con salvamento e socorrismo na praia de Ver, sendo esta a máis grande do municipio e con máis afluencia de usuarios, nestes 9 anos de goberno (PsdeG-PSOE), tan só un ano quedo sen este servizo dita praia, por razóns xustificadas, ausencia de socorristas e empresas dispoñibles que prestasen servizo), e sobre todo pola saída de subvención por parte da Xunta de Galicia, finais de maio, demasiado para tramitar o expediente polos motivos expostos.

Son coñecedores vostedes da situación en que se atopa esta praia polas verteduras, causa que por tal motivo a cualificación da auga ten que estar sinalizada cunha prohibición permanente de baño ou unha recomendación permanente de absterse de baño, cousa que o seu partido non fixo, nin intento nada por mellorar esta situación nos 8 anos de goberno, foi este equipo actual o que tomo este tema en serio buscando cooperación e financiamento pola Consellería de medio ambiente , para a posta en marcha dun tanque de bombeo con dirección á depuradora (A MACUCA) cun investimento de case un millón de euros, imposible de sufragar por este Concello, que a día de hoxe case esta rematada a obra.

Ante a falta de socorristas, neste momento momento está a tramitarse a contratación dunha empresa para prestar ese servizo para partir do mes de xullo. Así mesmo, o día 1 será instalada a caseta para que poidan desenvolver o seu labor.

Pregunta 2.- En los últimos años, durante el verano, se llevan celebrando conciertos un día a la semana en la calle Real, que finalizaban a las 12 de la noche, organizados por empresarios de la zona y con apoyo del concello. ¿Qué va a ocurrir este año con estos eventos?

Resposta do Goberno.- Nos últimos meses estivemos a ter diferentes reunións coa veciñanza desta zona para analizar a situación xerada ao redor deste evento. Así mesmo estivemos a falar cos representantes da asociación cultural promotora dos mesmos. Esta mesma semana temos previsto unha reunión novamente coa veciñanza e a posteriori outra reunión coa asociación para definir a fórmula de evento que consensúe todas as sensibilidades e normativa que se debe seguir para a realización do mesmo.

Pregunta 3.- ¿Se está cobrando por los puestos del feirón de los sábados? Y ¿A cuánto asciende anualmente esa recaudación ?

Resposta do goberno.- A relación do padrón de cobro dos postos do feirón faise de xeito anual, normalmente a finais de ano ou comezo do seguinte exercicio. Este ano, por diferentes motivos de actualización e incorporación de novos programas informáticos que facilitan a xestión do departamento de tesourería así como a incorporación dos informes necesarios de control por parte dos departamentos implicados leva algo de retraso por mor da falta de persoal





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

e o exceso de traballo nos departamentos. Estase a realizar xa esa relación e en canto teñamos os datos económicos definitivos llos faremos chegar

Pregunta 4.- ¿Para cuándo la ordenanza nueva de ocupación de vía pública que estaba en proceso ya en la anterior legislatura?

Resposta do Goberno.- A ordenanza de ocupación de vía pública está en vigor e regula a instalación de estadas, colectores de obra etc.

Pregunta 5.- Tenemos constancia que en garajes que no tiene licencia del ayuntamiento fueron PINTADOS DE AMARILLO por el Concello, tienen colocado el cartel de vado sin número de licencia y en algunos se ejecutaron algunas multas como si fuera un vado legal.... Por parte del Ayuntamiento ¿Qué control se está haciendo de los vados? ¿Hay algún informe sobre esto? Díganos ¿qué número de vados (con señal sin nº de licencia y pintados de amarillo) están en proceso de adquisición de licencia y cuáles no?

Resposta do Goberno.- Nós non temos constancia de que se pintaron líneas amarelas sen a correspondente tramitación de vados

Pregunta 6.- ¿En qué situación se encuentra el proyecto del nuevo pabellón?

Resposta do Goberno.- Estamos á espera dunha reunión co responsable da Consellería de Deportes, Diego Calvo, xa que fixo caso omiso as nosas propostas de reunión. De non poder contar con esa axuda teríamos que redefinir o proxecto. De ahí que ata ter a constatación do apoio non procedamos a aprobar o proxecto

Pregunta 7.- En el mes de enero dicen que la compra del edificio del picho se cerrará entre el mes de abril y mayo ¿Este edificio ya es propiedad del concello a día de hoy?

Resposta do Goberno.- No pleno do mes de maio habilitouse crédito, entre outras cousas, para adquisición de terreos e inmobles entre os que se atopa o edificio do picho.

Como xa se lles trasladou noutras ocasións, os expedientes de adquisición de inmobles e terreos son expedientes complexos, cuxa tramitación é longa e tediosa.

Unha vez que entre en vigor ese modificativo de crédito iniciáranse estes trámites tendo en conta que xa contamos cun preacordo de compra

Pregunta 8.- En el informe de intervención dice: "E isto tendo en conta, pola importancia para o Concello e o tempo adicado ao expediente, a finais de ano e xunto coa Tesoureira municipal informouse a liquidación de contas coa concesionaria do Servizo de agua, VIAQUA, dos anos 2006 a 2022, o que supuxo un saneamento e depuración de contas de exercicios pechados da contabilidade municipal e un ingreso considerable para as arcas municipais logo de ter adicado moitisimas horas a buscar e estudar a documentación e mantemento de varias reunións para acadar a aprobación das ditas contas; e isto sumado a outros moitos informes e tramitacións de facturas e certificacións de obras que é susceptible de comprobación; quedando acreditado o esforzo e dedicación deste Departamento co traballo



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

realizado"¿A cuanto asciende el ingreso considerable de la liquidación de contas coa concesionaria do Servizo de agua, VIAQUA?

Resposta do Goberno.- A liquidación a favor do Concello foi de 1.274.330,50 € .Entre os anos 2015 e 2020 Viaqua xa ingresou 371.330,20€, quedando pendentes de ingreso a favor do Concello 903.000,30€, cantidade que foi liquidada en dous prazos :

- 02 de xaneiro de 2024 : 150.000€

-05 de febreiro de 2024: 753.000,30€

10.4.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP

Presentaronse os seguinte rogos:

- Rogamos que se limpie la playa



- Rogamos se realicen los trámites necesarios para que se asfalte la bajada de Ber



- Rogamos se reparen las piedras de A rúa Corredoira das Virtudes



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



- Rogamos chorrear e intensificar la limpeza en los contenedores de A Rúa Corredoiros das Virtudes ya que sirve de urinario y hay muy malos olores



- Rogamos una limpeza integral del polígono de Vidreiro



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



- Rogamos la limpieza del aparcamiento de la urbanización boa vista y una solución para que la tierra no llegue a las escaleras en época de lluvia



REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente en funcións, levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e un minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe, que se someterá a votación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano e a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 23.07.2024 segundo o borrador asinado o día 18.07.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

